



Asunto: Recursos contra as resolucións e acordos ditados polos centros e os departamentos da Universidade de Vigo.

O artigo 112 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

O artigo 121 de dita lei dispón que as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser recorridos en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.

O artigo 6 da Lei Orgánica de Universidades así como o artigo 24 dos estatutos da Universidade de Vigo indican:

“1. As resolucións do reitor ou da reitora e os acordos do Claustro, do Consello de Goberno e do Consello Social esgotan a vía administrativa e son impugnables perante os tribunais de xustiza.

2. As decisións dos restantes órganos colexiados e unipersoais da Universidade son susceptibles de recurso perante o Consello de Goberno ou diante do reitor ou reitora, respectivamente, e esgotan a vía administrativa”.

Por outra banda, o artigo 40 da mencionada lei 39/2015 establece que o órgano que dite as resolucións e actos administrativos os notificará aos interesados cuxos dereitos sexan afectados por aqueles. A notificación deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houberan de presentarse e o prazo para interpoñelos. O artigo 45 da mesma lei sinala que o acto será obxecto de publicación cando teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a Administración estime que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos, debendo conter a publicación os mesmos elementos que a notificación.

De acordo co exposto anteriormente, comunícolle que todas comunicacións ou notificacións das resolucións adoptadas polos cargos unipersoais, así como os acordos adoptados polos órganos colexiados deberán conter, como refíre o artigo 40 da lei 39/2015, os seguintes elementos:

- O texto íntegro do acordo ou resolución.
- Indicación de se pon fin ou non á vía administrativa.
- Os recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial.
- O órgano ante o que houberan de presentarse
- O prazo para interpoñelos.

Tendo en conta o establecido no artigo 6 da Lei Orgánica de Universidades e no artigo 24 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as resolucións e acordos que adopten os órganos unipersoais e colexiados dos centros e dos departamentos serán susceptibles de recorrerse en alzada perante o reitor ou reitora ou diante o Consello de Goberno. O texto que debería conter a resolución sería:

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), ante o reitor/a (ou Consello de Goberno), de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 14 de marzo de 2017

A SECRETARIA XERAL



Gloria Pena Uris

Sres/as. Decanos/as e Directores/as de centros e departamentos.